

PROCEDEMENTO: CT215E. subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais.

ASUNTO: Resolución de concesión

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 11 de marzo de 2024, DOG núm. 50, publicouse a Resolución do 22 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT215E).

2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes relacionadas no **Anexo I**, procédese ao seu estudo, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

3. Como resultado da xestión de comprobación, establécese que todas as solicitudes relacionadas no **Anexo I** continúan no procedemento, polo que todos os expedientes son remitidos á comisión de valoración para que, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 16 da convocatoria, sexan avaliados.

4. Na data do 4 de xullo do 2024, réunese a comisión de valoración para estudo e análise de todas as solicitudes recibidas.

Rematada esta reunión, a comisión de valoración levanta acta coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases. Esta relación, coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias e reflíctese no **Anexo II**.

7. O día 22 de xullo de 2024 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de resolución de concesión de axuda, que reflicte



as entidades propostas para ser subvencionadas por superar a puntuación mínima establecida no artigo 16.2 das bases reguladoras e co importe asignado a cada unha delas, tal e como se recolle no **Anexo III** e elévaa á Presidencia da Agadic.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 14 das bases reguladoras da convocatoria sinala que a Dirección de Agadic actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da lei 9/2007, do 13 de xuño, se subvencións de Galicia, correspondéndolle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución.

2. Así mesmo, no artigo 18 das bases reguladoras, establécese que o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e do informe da Comisión de Valoración, ditará a proposta da resolución definitiva a cal será elevada á Presidencia do Consello Reitor.

3. Estas axudas financiaranse con un crédito total de 200.000 euros, e trala alteración da distribución entre as partidas orzamentarias realizada de conformidade co disposto no artigo 3.5 das bases reguladoras, 174.000 euros irán con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.781.0 e 26.000 euros con cargo á aplicación 10.A1.432B.770.0, código de proxecto 2015-00003, dos orzamentos de gasto da Agadic para 2024, tendo esta convocatoria carácter bianual.

4. A distribución dos créditos entre as entidades propostas de ser beneficiarias realízase en base ao crédito xeral dispoñible, a intensidade e aos límites sinalados no artigo 3.7 das bases reguladoras.

5. Despois da tramitación administrativa, realízase unha proposta de adxudicación das axudas a laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais por importe de 173.397,64 € .



6. Deste xeito, todas as solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria acadan unha subvención dentro dos límites sinalados nas bases. Como resultado do anterior, resulta un crédito sobrante da convocatoria de 26.602,37 €.

Examinada a proposta de resolución, e de conformidade con ela,

## RESOLVO

1. Admitir as solicitudes que se relacionan no **Anexo I** por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
2. Indicar a orde de prelación das solicitudes segundo a puntuación obtida que se sinalan no **Anexo II**.
3. Conceder a subvención, polos importes que se expresan, ás entidades solicitantes que se relacionan no **Anexo III**.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



Notifíquese á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

José Carlos López Campos



**ANEXO I**
**SOLICITUDES RECIBIDAS**

Nº Exp	Nº	Mod	Proxecto	Solicitante	NIF
AG/S/2024LI/A/0001	1	A	II Residencia FICBUEU	Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FIC	G94146362
AG/S/2024LI/A/0002	2	A	III Edición Agapi impulsa Copros	Agapi	G15507239
AG/S/2024LI/A/0003	3	A	Ventura, plataforma desenvol. de proxectos, F. P. e foro coproduc intern	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670
AG/S/2024LI/A/0004	4	A	NOVO#LAB	Matriuska producciones, S.L.	B36486140
AG/S/2024LI/A/0005	5	A	eSe8 LAB	ESE8 Asociación Cultural	G70232525
AG/S/2024LI/A/0006	6	A	Sacrata	AC para la Integración Social Diversos	G70256896
AG/S/2024LI/A/0007	7	A	Conecta Lab	CREA, asoc. galega de profesionais da dirección e realización	G15842842
AG/S/2024LI/A/0008	8	A	Intersección Lab	Asociación Cultural Albatros	G70080015
AG/S/2024LI/A/0009	9	A	AI Revolution Galicia	Artyc Content, S.L.	B10742666

**ANEXO II**
**SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA**

Nº Exp	Proxecto	Solicitante	NIF	Valoración automática	Valoración técnica	Puntuación Total
AG/S/2024LI/A/0003	Ventura, plataforma desenvol. de proxectos, F. P. e foro coproduc intern	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	27,00	26,00	<b>53,00</b>
AG/S/2024LI/A/0002	III Edición Agapi impulsa Copros	Agapi	G15507239	27,00	25,67	<b>52,67</b>
AG/S/2024LI/A/0005	eSe8 LAB	ESE8 Asociación Cultural	G70232525	31,00	21,00	<b>52,00</b>
AG/S/2024LI/A/0008	Intersección Lab	Asociación Cultural Albatros	G70080015	27,00	22,00	<b>49,00</b>
AG/S/2024LI/A/0007	Conecta Lab	CREA, asoc. galega de profesionais da dirección e realización	G15842842	23,00	13,00	<b>36,00</b>



AG/S/2024LI/A/ 0009	AI Revolution Galicia	Artyc Content, S.L.	B10742666	25,00	9,67	<b>34,67</b>
AG/S/2024LI/A/ 0004	NOVO#LAB	MATRIUSKA PRODUCCIONES SL	B36486140	20,00	14,33	<b>34,33</b>
AG/S/2024LI/A/ 0001	II Residencia FICBUEU	Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FIC	G94146362	18,00	15,33	<b>33,33</b>
AG/S/2024LI/A/ 0006	Sacrata	AC para la Integración Social Diversos	G70256896	17,00	12,00	<b>29,00</b>

### ANEXO III

#### SOLICITUDES BENEFICIARIAS

Nº Exp	Proxecto	Solicitante	NIF	Contía solicitada	Contía proposta	Anualidad e 2024	Anualidade 2025
AG/S/2024LI/A/ 0003	Ventura, plataforma desenvol. de proxectos, F. P. e foro coproduc intern	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	50.000,00 €	41.352,00 €	20.676,00 €	20.676,00 €
AG/S/2024LI/A/ 0002	III Edición Agapi impulsa Copros	Agapi	G15507239	16.480,00 €	13.619,83 €	6.809,92 €	6.809,92 €
AG/S/2024LI/A/ 0005	eSe8 LAB	ESE8 Asociación Cultural	G70232525	23.760,00 €	23.760,00 €	11.880,00 €	11.880,00 €
AG/S/2024LI/A/ 0008	Intersección Lab	Asociación Cultural Albatros	G70080015	50.000,00 €	44.665,80 €	22.332,90 €	22.332,90 €
AG/S/2024LI/A/ 0007	Conecta Lab	CREA, asoc. galega de profesionais da dirección e realización	G15842842	50.000,00 €	50.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €

